



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMARIÑAS

Aprobación definitiva Ordenanza fiscal nº 14 da taxa do cemiterio

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa establecida para o cemiterio municipal.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2025, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa establecida para o cemiterio municipal.

Durante o período de exposición ao público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo provisional adoptado relativo á modificación da ordenanza fiscal, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo que entrará en vigor unha vez publicado este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, contra ditos acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación destes acordos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal modificada é o seguinte que se transcribe a continuación:

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de Cemiterio Municipal, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 57 da citada norma.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de sepulturas, ocupación dos mesmos, redución e incineración, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos adicados ao descanso dos defuntos e calesquera outros que, de conformidade co establecido na normativa de policía sanitaria mortuoria e demais aplicable, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión, da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refíren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria

Artigo 5.- Exencións

Estarán exentos os servizos que se preste con ocasión de:

a) enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos benéficos e sen ningunha pompa fúnebre custeada pola familia dos falecidos.

b) enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade, sempre e cando os gastos de enterramento non sexan legal ou contractualmente a cargo doutra persoa ou entidade con suficiente capacidade económica.

c) inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6.- Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte Tarifa:

Conceptos: Euros

Epígrafe 1.- Concesión Administrativa de dereitos funerarios

a) Concesión de nichos por 75 anos: 1.160,99 €

b) Concesión de nichos por 10 anos: 331,71 €

c) No suposto de procedementos de licitación pública, a taxa virá determinada polo valor económico das proposicións sobre as que recaia a concesión.

1. As sepulturas que por calquera causa queden vacantes, reverteren a favor do Concello.

Epígrafe 2.- Servizos de coidado, conservacion e vixilancia

Por cada nicho, cota anual de: 8,5 €

Artigo 7.-Devengo

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuir desde o momento en que se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude daqueles.

2. Establecido e en funcionamento o servizo, as cotas do epígrafe 5 da Tarifa devengaránse o primeiro de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos casos de inicio ou cese no uso do servizo, nos que o período impositivo se axustará a dita circunstancia, prorrateándose a cota correspondente por trimestres naturais.

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso

1º- Coa solicitude da concesión administrativa do dereito funerario conforme se determina no regulamento, efectuarase autoliquidación individual a través da oficina virtual tributaria do Concello de Camariñas (<https://ovtcamarinas.dacoruna.gal/ga/>) ou coa colaboración dos servizos municipais, efectuando os pagos nos lugares indicados na carta de pago que se emita . O xustificante do pagamento adxuntaranse coa solicitude

2º-A Alcaldía poderá establecer nos procedementos de adxudicación de novas fases, ou bloques de sepulturas, por concurrencia entre pluralidade de interesados, o depósito previo do importe da taxa que se establece, procedendo á devolución da mesma, si finalmente non se concede o dereito funerario solicitado. Xunto coa solicitude de participación no procedemento de adxudicación, deberá presentarse xustificante de ingreso do depósito, que se autoliquidará e pagará conforme se indicou no párrafo anterior.

3º-As cotas do epígrafe 2, serán liquidadas e notificadas unha vez se conceda o dereito funerario,prorrateándose por trimestres naturais no suposto das novas altas, unha vez incluídos nos padróns ou matriculas desta taxa, faranse efectivas por anualidade conforme ó Regulamento Xeral de Recadación. A recadación en voluntaria e executiva atópase actualmente delegada na Deputación provincial, polo tanto os períodos de recadación son os fixados polo dito ente.

O dereito funerario extinguirase polo incumprimento do titular da súa obriga de paga-las taxas desta ordenanza por período superior a cinco anos.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente redacción desta Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación dende ese día, salvo no suposto da tarifa do epígrafe 2, que será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro do exercicio seguinte, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

En Camariñas, 21 de agosto de 2025

A Alcaldesa,

Sandra Insua Rial.

2025/5538